DE L'AMOR PER LA PARAULA:
Estudis en homenatge al professor José Enrique Gargallo Gil
2026, pp. 115–122, https://memoriadelcor.org

BEN QUANTO SAB'O ASNO DE LEER PODERÍA SER CONSIDERADO UNHA PAREMIA?[1]

Mercedes BREA
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades

Unha disertación de Mestrado (Brazão 1993) defendida na Universidade de Lisboa en 1993 recolle e estuda (establecendo unha certa tipoloxía) o elenco completo de proverbios que empregaron os trobadores galego-portugueses nas súas composicións, proverbios que, en moitas ocasións, veñen precedidos de indicacións do tipo *oí dizer* ou remiten, de xeito máis preciso, a un *verbo antigo*. Da relevancia que lle conceden os autores que recorren a eles dá conta, por unha banda, o feito de que adoitan figurar en lugares tan destacados dunha cantiga como son o íncipit, o refrán ou a finda (Brea / Lorenzo 1998: 165-167), e, por outra, a atención que lles prestan algúns editores, así como os diversos traballos que lles levan dedicado varios estudosos.[2] Non é, pois, intención desta contribución incidir nas atinadas observacións presentes na maioría das referencias bibliográficas proporcionadas, senón unicamente chamar a atención sobre un caso concreto que non figura nos repertorios habituais de paremias medievais nin tampouco encontramos rexistrado no *Refranero multilingüe* do Centro Virtual Cervantes (https://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/), pero que presenta algunhas características que o aproximan a esta categoría.

[1] Esta contribución é resultado das actividades desenvoltas no marco do proxecto de investigación PID2020-113491GB-I00, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación español.
[2] Véxanse, entre outros, Alvar 2009, Arbor 2002, Brea 2016, Falcão 2012, Filgueira 1976, Soto / González 2007.

Referímonos ao verso «ben quanto sab'o asno de leer», que se repite idéntico en dúas tenzóns diferentes. A primeira delas (seguindo a orde de aparición nos cancioneiros) é a mantida por Johan Perez d'Aboim e Lourenço[3] (transmitida unicamente por V1010), na que o señor de Aboim[4] recoñece ao seu contrincante os seus méritos como xograr, pero permítese aconsellarlle, como autoridade que el é[5], que desista de intentar trobar, porque carece das aptitudes necesarias para acometer tal menester:

> - Lourenço, soías tu guarecer
> como podías, per teu citolon,
> ou ben ou mal, non ti digu'eu de non,
> e vejote de trobar trameter:
> e querot'eu desto desenganar:
> *ben tanto sabes tu que é trobar*
> *ben quanto sab'o asno de leer*[6]
> (estrofa I).

Os protagonistas da segunda tenzón son Pero d'Ambroa e Johan Baveca (B1573).[7] O primeiro[8] reconvén ao segundo por interpretar cantigas de amor

[3] Brazão (1993: 33) inclúe este caso (non, en cambio, o seguinte) nun «pequeno mostruário das comparacões que registámos, no decorrer da nossa pesquisa dos enunciados proverbiais, e que pululam pelos nossos cancioneiros medievais», considerando que esta en particular debe formar parte das que «trazem consigo a marca rústica que estará, muito provavelmente, na sua origem».

[4] Para unha información actualizada sobre este trobador (así como os restantes citados neste traballo) recomendamos a consulta das *Redes socioculturais da lírica galego-portuguesa* (https://redesliricas.usc.gal), elaboradas por Déborah González, que facilitan o acceso ás informacións máis contrastadas sobre cada personaxe, facendo fincapé nas relacións literarias que manteñen entre eles. Un dos traballos de conxunto máis recentes e completos que ofrecen datos puntuais sobre moitos autores é o de Marcenaro / González 2024.

[5] A diferencia do que acontece noutras tenzóns nas que se ve atacado polo mesmo motivo, neste caso Lourenço non trata de defenderse criticando o seu opoñente, senón simplemente alardeando da súa capacidade para trobar, aínda que, confiado en que -segundo o seu criterio- xa saíu vencedor doutros debates, pretenda facelo tamén agora («e cuidovos deste preito vencer», II, v. 7).

[6] É habitual empregar as cursivas nos últimos versos para marcar os refráns, pero neste caso (e nos outros dous que comentaremos) trátase dunha cantiga de mestría, polo que esa tipografía é utilizada para destacar o contido dos versos que nos interesan.

[7] Pedr'Amigo de Sevilha, nunha cantiga de escarnio (B1664, V1198), arremete contra Baveca e Ambroa por unha tenzón que mantiveron, pero non pode referirse a esta, posto que alude expresamente a que debatían «sobre la terra de Ierusalen» (II, v. 5), polo que cabería pensar que ou ben se trata dun texto non conservado ou a composición incompleta á que nos referimos máis abaixo (B1456, V1066) era unha tenzón, algo que as condicións que presenta a transmisión manuscrita non autoriza a supoñer.

[8] Non é este o lugar para discutir se Pero d'Ambroa é o mesmo Pero Garcia d'Ambroa do que se conserva só unha cantiga de amor (B73), e tampouco a súa identificación e cronoloxía, pero esta tenzón en concreto podería poñer en dúbida a súa condición de xograr, a non ser que a postura que adopta na *disputatio* sexa unha especie de autoparodia. Ademais do compendio facilitado por D.

compostas por un terceiro trobador (non mencionado)[9] «que non sab'amar» (I, v. 6); na súa resposta, o xograr[10] —que parece recoñecer a calidade dos cantares de Ambroa[11] aínda que el non os leve no seu repertorio («non digu'estes bõos, que vós fazedes», II, v. 4)— insiste en que, por unha parte, só reproduce cantares «ben feitos e que faz trobador / que troba ben e á coita d'amor», II, vv. 5-6). Ante isto, Pero d'Ambroa reafirma:

> - Johan Baveca, se vós non queredes
> os meus cantares dizer ant'alguen
> direivos ora como vos aven:
> nunca por én contra min perdizedes,
> *mais lo que sabe molher ben querer*
> *ben quanto sab'o asno de leer*
> por namorado por que o metedes?
> (estrofa III).

Diante destas consideracións, Baveca opta por abandonar o debate, sen, por iso, deixar de reafirmarse na súa declaración anterior.[12]

A simple vista, semella que o elemento de comparación con un asno non é o mesmo en ambas as dúas tenzóns, posto que Johan Perez d'Aboim estase a referir ás pretensións de Lourenço de converterse en trobador, mentres que Pero d'Ambroa aplícaa a quen non sabe amar de verdade a unha dona.[13] Non obstante, tendo en conta que a ausencia de amor é traída a colación precisamente porque incapacita a

González nas *Redes* citadas, pode verse, entre outros, Souto 2006 (con matizacións en Souto 2020: 355, n. 145)

[9] Podería ser o propio Baveca, e non un trobador distinto?

[10] Nunha cantiga de escarnio transmitida de forma incompleta (*Pero d'Ambroa prometeu, de pran,* B1456, V1066), Johan Baveca parece criticar a Pero d'Ambroa, pero non polos seus dotes como trobador, senón por finxir que levou a cabo peregrinacións que, en realidade, non realizou (para este pequeno ciclo satírico sobre a viaxe a Ultramar de Pero d'Ambroa, no que participan catro trobadores, véxase Lorenzo / Marcenaro 2021: 276-277). Existe aínda unha segunda sátira de Baveca contra Ambroa (*Pero d'Ambroa, sodes maiordomo*, B1457, V1067), pero chegou a nós de maneira tan fragmentaria que non resulta sinxelo establecer o motivo obxecto da burla, que, en calquera caso, non parece tampouco ter nada que ver coas habilidades como trobador de Ambroa.

[11] Ou está precisamente ironizando sobre iso, xa que non parece ter interese en incorporalos ao seu repertorio?

[12] «- Pero d'Ambroa, vós máis non podedes / saber de min do que vos ja dix'én: / os cantares que eu digo fez quen / á grand'amor; mais, pois sanha prendedes / aqui ante todos, leix'eu a tençon / ca, se quisessedes saber razon, / digu'eu verdad'en esto, non duvidedes» (estrofa IV).

[13] En algunha das súas cantigas de amor (por exemplo, *Os que non aman nen saben d'amor*, B1108, V699), Baveca establece unha clara diferencia entre os que, coma el, aman lealmente e os que unicamente o simulan, porque estes causan un grave dano aos primeiros.

calquera para trobar,[14] as diferencias redúcense considerablemente, porque tamén Ambroa adopta unha posición de superioridade literaria para incidir na constatación de que a persoa criticada non pode ser un bo trobador.[15] Dito doutro xeito, a pretensión dun xograr de afrontar con éxito o oficio de trobar ten tantos visos de probabilidade como a de que un asno aprenda a ler.

Non encontramos outros datos que permitan establecer algún tipo de relación entre os autores dunha tenzón cos da outra, pero iso tampouco sería un impedimento para pensar que Ambroa coñecese a tenzón entre Aboim e Lourenço[16] e utilizase conscientemente a comparación para, ademais, tildar a alguén de mal trobador dunha forma máis rebuscada. Ambas as dúas tenzóns están compostas de catro cobras, cada unha delas de sete versos decasílabos, con rima *abbacca*, pero estas características resultan bastante comúns no xénero (González 2012: 69); diverxen en que, mentres *Lourenço, soías tu guarecer* segue o modelo máis habitual das *cobras dobras*, *Johan Baveca, fe que devedes* recorre ao modelo das *cobras unisonantes* (facendo variar a rima *c* en cada estrofa).

En calquera caso, o feito de que o verso se repita de forma idéntica, como se fose unha expresión fixa, podería deberse tamén a que esa comparación funcionase a modo de paremia,[17] dado que o asno é un animal[18] considerado ignorante e tozudo,[19] aínda que non estea exento de certa carga simbólica.[20] Trataríase, neste caso, de

[14] A idea de que só quen ama de verdade pode trobar ben é unha constante da poética trobadoresca en xeral.

[15] «Nos dois diálogos em que se encontram as analogias com o *asno*, é obvio que se pretendeu degradar o nível de conhecimentos do jogral interlocutor, declarar a falta de uma formação letrada e, em último termo, questionar a competência no trovar» (González 2023: 267, que relaciona tamén este tipo de ataque coa ironía que dirixe ao mesmo Lourenço, noutra tenzón, Rodrigu'Eanes: «Com'esso dizes, di ar ũa ren: / que és omen mui comprido de sen / e bon meestr' e que sabes leer», V1032, II, vv. 5-7).

[16] Tamén podería ser á inversa, porque as cronoloxías non están establecidas máis que de xeito aproximado: vid. González (2019).

[17] Non saberiamos adscribila, de todos os modos, a un tipo concreto de paremia, sobre todo se hai que decidirse por un dos catro subgrupos establecidos por Anscombre (1997: 46), ou pola clasificación establecida por Sevilla / Crida (1997), que, en calquera caso, admiten «*paremia* como archilexema de los enunciados breves y sentenciosos» (p. 108).

[18] «Muy a menudo los animales simbolizan algo o representan características humanas; por ello, al intentar desentrañar el significado de un refrán, debemos tener en cuenta las distintas posibilidades» (Ruiz 1996: 188).

[19] «Otra de las formas más interesantes de aparición de los animales en el refrán es aquella en la que el animal se identifica con una persona o con determinadas cualidades atribuidas solamente al ser humano. Cada animal ha llegado a ser representante de unas características fijas», de xeito que o asno «tipifica la persona tonta, incompetente, tozuda» (Ruiz 1996: 189).

[20] Talvez porque «mientras el hombre es un ser equívoco (enmascarado), el animal es unívoco, posee cualidades positivas o negativas constantes, que permiten adjudicarlo a un modo esencial de manifestación cósmica» (Cirlot 1992: 70). Ademais das referencias simbólicas recollidas por González

formular una constatación dun feito cotián[21] e, polo tanto, facilmente recoñecible polo público, que identificaría de inmediato como algo negativo calquera declaración que admitise unha comparación con «ben quanto sab'o asno de leer». Pénsese, por exemplo, na advertencia contida nos *Castigos e documentos del rey D. Sancho IV*[22]:

> E por que los buenos consejos nasçen dela sabidoria delos omnes sabios El Rey de Roma enbio dezir al Rey de françia que feziese aprender letras a todos sus fijos llegando el dicho del policrato que *el Rey syn letras & syn sabidoria es tal commo el asno coronado*. E por ende los prInçipes antiguos ouieron grand cuydado de auer maestros muy Sabios asy commo enperadores trajano ouo a policrato.[23]

Se atendemos á condición pragmática (Corpas 1996: 19) das paremias, en casos coma este tal vez se poida admitir que cumpren o requisito de que «se ajusten a la pertinencia y a la oportunidad que corresponden a la intención[24] comunicativa asumida por su emisor, la cual no irá en contra del dictamen del sentido común» (Barbadillo 2025: 61).[25] É máis, revisando as intencións outorgadas aos refráns por Barbadillo (2025: 62) como máis regulares, é dicir, «la asertiva, la persuasiva y la disuasoria, seguidas de la estimativa y la volitiva», *ben quanto sab'o asno de leer* cumpriría

(2023: 267, n. 5), pode verse, por exemplo, o que di o *Bestiario Toscano* (1986: 12) sobre o asno salvaxe: «Por medio de este asno podemos saber cómo son los falsos hombres, que son perezosos en pensar rectamente y en hablar bien, y en el bien obrar y en tantas otras obras a realizar».

[21] Denota, pois, «un hecho general y atemporal», característica atribuída por Anscombre (1997: 49) ás 'frases xenéricas', das que formarían parte as paremias.

[22] Non deixa de ser unha adaptación da máxima difundida, sobre todo, por Juan de Salisbury no seu *Policraticus* (Keats-Rohan 1993: 251): «Rex illiteratus est quasi asinus coronatus».

[23] Tomamos a cita directamente do CORDE, que inclúe outros exemplos similares da segunda metade do s. XIV. Cfr. https://corpus.rae.es/cgi-bin/crpsrvEx.dll (Consulta: 31/12/2025).

[24] Para Barbadillo (2025: 61), «la intención importa especialmente cuando un mensaje es susceptible de ser interpretado con una clave que no reside exclusivamente en las palabras empleadas pero que ha de conocerse sin falta. Hay una convención social y cultural, legitimada como portadora de experiencia y buen criterio, siguiendo las convicciones morales vigentes en la sociedad no en una circunstancia accidental sino prototípica».

[25] «Assim, entre outras razões que assistem aos trovadores, ao utilizarem os provérbios, assinalamos o facto de os mesmos constituirem citação com forza de autoridade, que lhes advém de serem antigos e comumente reconhecidos, tendo em favor da sua veracidade não só o testemunho da visão sincrónica, como o da sua vitalidade diacrónica [..]; e o próprio valor polémico dos provérbios, já que, por não terem autor conhecido, englobam, simultaneamente, o locutor e o adversário, a quem o mesmo se dirige. Nem resulta citar o provérbio contrário, porque ambos são verdadeiros» (Brazão 1993: 312).

varias delas, polo menos a asertiva,[26] a persuasoria[27] e a irónica.[28] Non deixa de ser certo, non obstante, que non presenta todas as características resumidas por Sevilla / Crida (2013: 107), pero si unha parte delas, como a fixación externa analítica ou o contido sentencioso e, posiblemente, unha potencial pragmaticidade.

Cabe obxectar que as dúas tenzóns comentadas empregan o verso en cuestión formando parte dun símil, mentres que a maioría das paremias son fórmulas independentes con sentido pleno, pero o feito de que se repita de forma idéntica non parece unha simple coincidencia; é certo que —sobre todo sendo utilizado en dous debates literarios que, no fondo, tratan do mesmo tema— non sería imposible admitir un caso de intertextualidade consciente, pero tamén o é que quen escoite decir «ben (quanto) sab'o asno de leer» sabe, de xeito case instintivo, que está referido a unha persoa que demostra a súa ignorancia na materia que sexa.

Remataremos comentando que o asno só figura, ademais de nestes textos dialogados, en dúas cantigas de escarnio: *Come asno no mercado* (B1448, V1058), de Johan de Gaia, na que está mencionado en sentido recto como un animal que é levado ao mercado para ser vendido;[29] e *Abadessa, oí dizer* (B1579, V1111), de Afons'Eanes do Coton, na que o trobador pide a unha abadesa que o ensine a foder, porque está recén casado e non ten máis coñecementos para cumprir esa función dos que pode ter un asno (é dicir, alguén completamente ignorante, negado, en todo)[30]:

> Abadessa, oí dizer
> que erades mui sabedor
> de todo ben, e, por amor

[26] É dicir, «el enunciado del refrán sentencia, constata, predice, advierte y presenta una creencia general que se estima, cuando menos previsible» (Barbadillo 2025: 62).

[27] Sería a que «intenta prevenir o pone reparos a una determinada decisión del destinatario por sus consecuencias negativas» (Barbadillo 2025: 63).

[28] «Equivale a una variante de la intención estimativa, en una actitud de incredulidad, puesto que mediante el refrán se arrojan dudas, se insinúa censura, burla o desconfianza, o bien se invita a no dar crédito a lo que parece poseer cierta virtud o calidad» (Barbadillo 2025: 63).

[29] Compárase con el a un cabaleiro que foi comprado tres veces, por tres señores diferentes.

[30] Lembremos que unha das principais características que adoitan atribuír aos asnos os *Bestiarios* é precisamente a súa luxuria (Bianciotto 1980: 217), polo que ben poderiamos estar ante unha adaptación paródica do verso que analizamos. Advírtase, en calquera caso, que aquí o obxecto da comparación é o verbo *foder*, e os termos o trobador e o asno. Pola contra, nas tenzóns é a frase completa referida ao que sabe o asno de ler a que se compara co que descoñece de trobar un xograr. Isto non quere decir, non obstante, que Afons'Eanes non coñecese a hipotética paremia ou, cando menos, o verso comentado das dúas tenzóns, e estivese "retorcéndoo" na súa parodia. Pénsese que, en B, esta cantiga (fol. 332v) inicia a produción satírica de Afons'Eanes do Coton xusto despois de Pero d'Ambroa (do que se copia aínda outro bloque un pouco máis adiante).

de Deus, queredevos doer
de min, que ogano casei,
que ben vos juro que *non sei*
máis que un asno de foder
(estrofa I)

BIBLIOGRAFÍA CITADA

ALVAR, Carlos (2009): «Proverbes et chansons satiriques galiciennes-portugaises», en H. O. Bizarri / M. Rhode (eds.), *Tradition des proverbes et des exempla dans l'Occident medieval: colloque fribourgeois 2007 / Die Tradition der Sprichwörter und exempla im Mittelalter: Freiburger Colloquium 2007*. Berlin: De Gruyter, p. 151-164.

ANSCOMBRE, Jean-Claude (1997): «Reflexiones críticas sobre la naturaleza y el funcionamiento de las paremias». *Paremia,* 6, p. 43-54.

ARBOR ALDEA, Mariña (2002): «*Vervo antigo* e *sententia* na lírica galego-portuguesa: unha achega puntual», en J. CASAS RIGALL / E. DÍAZ MARTÍNEZ (eds.), *Iberia cantat. Estudios sobre poesía hispánica medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 75-92.

BARBADILLO DE LA FUENTE, Mª Teresa (2025): «Nueva perspectiva de consideración en los refranes: la intención comunicativa». *Paremia*, 35, p. 57-67.

Bestiario Toscano (1986): *El Fisiólogo, atribuido a San Epifanio*; Santiago SEBASTIÁN, editor literario ; traducción directa del latín de Francisco TEJADA VIZUETE. *El Bestiario Toscano* / traducción del catalán de Alfred SERRANO i DONET, José SANCHÍS i CARBONELL. Madrid: Tuero.

BIANCIOTTO, Gabriel (1980): *Bestiaires du Moyen Âge*. Paris: Stock.

BRAZÃO, J. Ruivinho (1993): *Os provérbios nos cancioneiros medievais galego-portugueses. Estudo paremiológico e recolha de textos*. Disertação de Mestrado em Literatura Portuguesa, Lisboa: Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa [inédita].

BREA, Mercedes / LORENZO GRADÍN, Pilar (1998): *A cantiga de amigo*. Vigo: Xerais.

BREA, Mercedes (2016): «*Coita* trobadoresca e *verbo antigo*». en M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ (ed.), *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, p. 519-532.

CIRLOT, Juan Eduardo (1992): *Diccionario de símbolos*. Barcelona, Labor.

CORDE = Real Academia Española: Banco de datos (CORDE) [en línea]. *Corpus diacrónico del español*. https://www.rae.es/banco-de-datos/corde (consulta: 12/02/2026).

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

FALCÃO, F. Scopel (2012): *O vervo satírico. Provérbio e proverbialização na sátira galego-portuguesa*. Vitória: EDUFES.

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1976): «A inserción do 'verbo antigo' na literatura medieval». *Boletin Auriense*, VI (*Homenaje a Xesús Taboada Chivite*), p. 355-366.

GONZÁLEZ, Déborah (2012): «Arquitectura de la tensó gallego-portuguesa. Textos en desequilibrio». *Estudios Románicos*, 21, p. 65-78.

GONZÁLEZ, Déborah (2019): «Hacia una cronología del debate gallego-portugués», en J. Ll. MARTOS / N. A. MANGAS (eds.). *Pragmática y metodologías para el estudio de la poesía medieval*. Alacant: Universitat d'Alacant, p. 475-488.

GONZÁLEZ, Déborah (2023): «Ataques satíricos e alusões a animais nos debates dos trovadores». Maria Cristina ÁLVARES - Sérgio GUIMARÃES DE SOUSA (eds.), *Limiares Homem/Animal na literatura e na cultura da Idade Média*. Berlin: Peter Lang, p. 265-281.

KEATS-ROHAN, Katharine S. B. (ed. lit.) (1993): Ioannes Saresberiensis: *Policraticus I-IV*. Turnhout: Brepols.

LORENZO GRADÍN, Pilar / MARCENARO, Simone (2021): «O espazo poético de Afonso X: trobadores e textos», en M. BREA / P. LORENZO GRADÍN (eds.): *Afonso X e Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, p. 259-310.

MARCENARO, Simone / GONZÁLEZ, Déborah (eds.) (2024): *Glossario onomastico e prosopografico della lirica galego-portoghese (XII-XIV secolo)*. Roma: «L'Erma» di Bretschneider.

RUIZ GUERRERO, M.ª del Carmen (1996): «Los protagonistas en los refranes». *Paremia*, 5, p. 187- 192.

SEVILLA MUÑOZ, Julia / CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2013): «Las paremias y su clasificación». *Paremia*, 22, p. 105-114.

SOTO ARIAS, Mª Rosario / GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2007): «Do *verbo antigo* en Johan Garcia de Guilhade». *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 9, p. 223-232.

SOUTO CABO, José Antonio (2006): «Pedro Garcia de Ambroa e Pedro de Ambroa». *Revista de Literatura Medieval*, XVIII, p. 225-248.

SOUTO CABO, José Antonio (2020): «*De illis de Mirapixe: Monio Fernandi*. O trovador Múnio Fernandes de Mirapeixe e a sua parentela». *Madrygal*, 23, p. 335-373.